

ESTREA EN NUMAX: 24.03.2017 | V.O.S.E. | +12

Rara (2016, 93')

Dirección: Pepa San Martín

Guión: Pepa San Martín, Alicia Scherson

Elenco: Julia Lübbert, Emilia Ossandón, Mariana Loyola, Agustina Muñoz, Daniel Muñoz, Coca Guazzini, Sigrid Alegria, Micaela Cristi

Son: Guido Berenblum, Manuel de Andrés, Víctor Tandler

Montaxe: Soledad Salfate

Fotografía: Enrique Stindt

Música: Ignacio Pérez Marín

Produtora: Manufactura de Películas (Chile), Le Tiro Cine (Arxentina)

Distribuidora: Syldavia Cinema

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Gleisdreieck, 2012 [curtametraxe]

La ducha, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

Desde que seus pais se separaron, Sara e a súa irmá pequena viven coa súa nai e a súa nova moza. Aínda que a súa vida diaria é moi similar á de calquera familia, non todos pensan o mesmo. Seu pai proponlles ás nenas que vaian vivir con el e coa súa nova muller durante unha tempada, pero tamén quere a custodia. As pequenas tentan entender e facer fronte aos problemas familiares, ademais de afrontar a actitude dos seus compañeiros e amigos do colexio.

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2016 (Premio Horizontes Latinos), Berlín 2016 (Premio do Xurado Internacional Kplus), India 2016 (Mellor opera prima), Queer Lisboa 2016 (Premio do Público e do Xurado), Rio de Janeiro 2016 (Premio Félix)

«Percorrido iniciático cuxo contexto social se ofrece con sordina e en profundidade de campo. Velaquí o grande acerto dun filme que non oculta a súa militancia»

Sergio F. Pinilla, CINEMANÍA

FILME ESPECIALMENTE RECOMENDADO

IT FOMENTO DA IGUALDADE DE XENERO



“Antes o cinema era máis elitista, facíao quen tiña unha familia con diñeiro”

Entrevista a Pepa San Martín
Por Paula Oróstica e Cédric Lépine

O desafío foi importante ao traballar con nenas pequenas, non é o mesmo que traballar con adultos...

Ese foi o meu desafío. E lográmoslo... Preocupámonos diso. Como asistente de dirección son unha estratexa nos filmes e funo no meu propio filme. Entón sabía, sabíamos, que as nenas eran o máis importante. O guión debía ser bo, pero todo daba igual se as nenas fallaban; entón dedicámoslle o tempo. E tivemos sorte tamén. Buscamos tres meses as nenas e cando as atopamos, deixamos dúas para cada personaxe. Despois fixen un taller de tres meses máis. Deime o tempo. Sabía que no único que non me podía equivocar era niso. Na elección das miñas protagonistas estaba xogándome cinco anos de traballo e a miña carreira.

Falando do filme, como xorde o o interese polo tema? Sentes, como directora, a necesidade de falar diso?

Todo parte da necesidade de falar dun tema. Creo que os directores de cinema, antes que nada, somos comunicadores, queremos dicir algo. Se non temos iso, falaríamos dun cinema moi livián e moi pobre. O filme está inspirado nun feito real. Hai algúns anos seguín o caso da xuíza Atala, foi un caso moi emblemático en Chile que a prensa tapou moito. Sempre conto isto porque foi unha situación moi importante: estaba coa miña familia un domingo, e eu seguía este caso sen incluso ser consciente de que me interesaba. E vin á miña nai e a meu irmán discutindo e comentando «mira que pena, quitáronlles as nenas». E despois dar volta á páxina e sigamos con outra noticia. E creo que me empecei a angustiarse da pouca responsabilidade que temos dos actos que cometemos cos nenos. Como se a vida deles se vise convulsionada coas decisións dos pais, dos adultos.

Hai unha intencionalidade de reivindicación. Poderíamos falar de militancia? Si, obvio. Son homosexual e fago cinema desde a miña realidade.

Non sei se é unha reivindicación, porque o filme non é panfletario. O que me interesa é ver outra perspectiva das cousas. Creo que en xeral ás mulleres xúlgaselles moito. Polo mesmo hai tan poucas mulleres presentes no Festival, como directoras, como xurados. As mulleres sempre teñen que elixir entre a súa vida maternal e familiar e a súa vida profesional. Eu vivín discriminacións máis sutís, que me parecen moi interesantes. Por exemplo a familia que podo constituír non ten o mesmo valor que a familia que pode constituír meu irmán. A min acéptaseme, toléraseme, querenme, pero no fondo para eles eu teño un problema.

Que pensas do cinema político que se pode estar facendo ou non en Chile?

O filme *Aquí no ha pasado nada* de Alejandro Fernández Almendras está inspirado nun caso real. *Nunca vas a estar solo* de Alex Anwandter tamén. O cinema está volvendo a ser un reflexo social, estamos volvendo a coller temas que nos preocupan e véndoo en pantalla. O cinema é unha arma política. En Chile deixamos de facer cinema político e dedicámonos a facer un cinema máis estético e agora vén outra fase, dos directores e produtores de apoderarse e querer falar de temas que nos importan. É a miña primeira longametraxe e aprendín que os filmes son un discurso e unha como directora debe ter unha certa análise do que se está a falar. Por iso é importante tamén ter feito a miña opera prima aos 40 anos, con experiencia. O cinema debe ter contido.

Con que opcións cinematográficas chilenas te sentes máis próxima?

Alejandro Fernández Almendras é do que máis me gusta. Traballei con el e entendo o seu concepto e discurso. Tamén a liña política Andrés Wood... O cinema cada vez é máis accesíbel: ter unha cámara e poñerse a filmar o que a un lle interesa. Antes, (e iso é un prexuízo meu), o cinema era máis elitista, facía cinema quen tiña detrás unha familia que o apoiaba con diñeiro para pagar o aluguer, mentres que agora eu, por exemplo, non teño esa familia. Iso fai que estas máis conectado coa rúa, xa non falan estes mundos como se viñesen doutro lado, o cinema está máis de rúa, máis preto.

Publicado en blogs.mediapart.fr
Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME